



In memóiriam

Manuel Calvo Tojo

→ Rubén Aramburu

Non sei se foi no ano V antes de Luar cando Xosé Ramón Gayoso entrevistou na TVG a D. Manuel Calvo Tojo. Os trámites foron ben duros: –Mire D. Manuel, que é para saír na TV!– e a resposta: –Vostedes deben pensar que a xente se ergue da cama pensando en saír na TV! Síntoo, teño moito traballo!– e colga o teléfono. Gayoso tivo que recorrer a amizades para convencer de vez a Calvo Tojo, que acudiu de traxe e gravata e algo incomodado pola perda de tempo. Creo que a cousa ía das nulidades matrimoniais.

D. Manuel Calvo Tojo deixounos o 19 de xullo. Estaba eu no mosteiro de Sobrado cando recibín a nova polos modernos sistemas de avisos tristes. Na cabeza miles de recordos e unha oración. Intento redactar este in memóiriam a través dalgúns deses recordos persoais. Xa a prensa recolleu magníficos retallos da súa vida e traballo (Recomendo as de Daniel Lorenzo e José Fernández Lago).

Primeira hora de clase e Dereito Canónico: –Señores, contés-tenme esta pregunta...–. Silencio absoluto, os alumnos mirando para o chan... silencio eterno, e de súpeto un bramido na nosa lingua: –Hai alguén esperto?– e xesticulando cos brazos: –Xa están os científicos pensando!!! Velaí os 24 anciáns pétreos da Porta Santa!!!

Tiña sona de severo e esixente, e moitos alumnos tiñan medo del. Tal axudaba o seu aspecto: rostro enxoiro, voz fonda e ronca e mirada penetrante... envolto naquel gabán que lle daba aspecto de comisario da Brigada Social, por riba ía acompañado moitas veces por unha nube de fume dun puro habano, e tal parecía que era a súa testa a que fumeaba quizais a causa das matinações canónicas.